

AS LIÑAS DESCONTINUAS

Anxos Fazáns, 2025

1683

ESTREA EN NUMAX: 20.03.2026 | V.O. | +12 | 90 min

Bea é unha muller de 50 anos que está a atravesar un divorcio e Denis é un mozo trans de 25. Coñécense cando el entra a roubar na casa dela e pese ao improbable da circunstancia, xorde entre eles unha forte atracción. Pasan toda a fin de semana xuntos e cando retoman as súas vida xa non son os mesmos.

«Anxos Fazáns conságrase cunha
fermosa e pouco convencional
historia de amor»

Diego Batlle, OTROS CINES



Unha fermosa e pouco convencional historia de amor

Por Diego Batlle

Denís (Adam Prieto) é un mozo trans que se dedica a compoñer música, traballa no porto e dúbida entre ficar en Galicia ou mudarse a Berlín. Sobre o final dunha longa noite de marcha, súmase a un grupo que termina invadindo un casoplón con tanta mala sorte que queda durmido e a dona, Bea (Mara Sánchez), unha cincuentona en plena crise existencial, atópao ao chegar a casa. A primeira reacción da dona de casa é violenta, pero axiña se decata de que Denís está moi lonxe de ser un ladrón profesional e, ao contrario, móstrase servicial á hora de recuperar os obxectos perdidos e limpar os estragos.

A partir dese accidentado comezo, Anxos Fazáns vai narrando como vai crescendo e facéndose máis profunda a relación entre dous seres que, en principio, teñen moi pouco en común. Con todo, aos poucos minutos descubriremos que a hoxe apesurada Bea, que está a pasar por un proceso de divorcio e a inminente venda do chalé no que durante moitos anos viviu a familia, en verdade tamén está ligada ao mundo da música como exitosa manager e ademais soubo ser parte dunha banda precursora do dark e o post punk (é moi boa a banda sonora que inclúe temas de Triángulo de Amor Bizarro, The Rapants, Pálida e Russ).

Cunha sutileza e unha austeridade que non lle impide acadar momentos de xenuína tenrura e humor, a directora consegue algo difícil: que a fantasía case propia dun conto de fadas (porque algo diso hai na proposta) resulte empática e crible. Non todas as escenas son igual de eficaces e contundentes, pero mesmo cando estrañan algo de fluidez e naturalidade Prieto (actor sen experiencia xurdido dun casting) e Sánchez (actriz profesional) manteñen unha conexión, un encanto e un magnetismo que fai que o público os acompañe con absoluta fidelidade nesta viaxe íntima.

Realizada con mínimos recursos, en poucas localizacións (agás o inicio, todo o do relato transcorre na casa mencionada), con escasos personaxes secundarios (en determinado momento chegarán o ex marido e a filla xa maior de Bea), *As liñas descontinuas* atina na dobre descrición que se propón: a dun mozo que busca a súa identidade e o seu destino, e o dunha muller que na madurez descobre que non todo está perdido, que aínda hai tempo para segundas oportunidades, para novas experiencias, para recuperar unha enerxía e un desexo que parecían extinguidos.

Publicado en otroscines.com